



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)

**MANUAL DE ANOTACIÓN DAS FORMAS E
SECUENCIAS NON ESTÁNDARES EN *CORTEGAL*,
*CORPUS DE TEXTOS GALEGOS ESCRITOS POR
ESTUDANTES NO ÁMBITO ACADÉMICO***

Novembro de 2022



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

PGC2018-096069-B-I00

Contidos

1. Cuestións xerais.....	5
1.1 Seis niveis lingüísticos de estandarización.....	5
1.2 Códigos que identifican o tipo de desviación do estándar	6
1.3 Códigos que identifican a orixe do problema	6
1.4 Asignación de formas estandarizadas. Un sistema multinivel	8
1.5 Principios xerais na anotación das formas non estándares	9
2. Códigos, exemplos e observacións	13
2.1 Nivel ortográfico.....	13
2.1.1 Acentuación.....	13
2.1.2 Diérese	14
2.1.3 Maiúsculas.....	14
2.1.4 Escritura conxunta ou separada	15
2.1.5 Confusión, adición, omisión de letras / dígrafos.....	15
2.1.6 Contraccións e asimilacións.....	18
2.2 Nivel morfolóxico	18
2.2.1 Verbos	19
2.2.2 Substantivos, adxectivos, pronomes e determinantes	19
2.3 Nivel léxico	21
2.4 Nivel gramatical (sintáctico)	23
2.4.1 Xénero, número e persoa	23
2.4.2 Preposicións	24
2.4.3 Pronomes	25
2.4.4 Determinantes.....	27
2.4.5 Conxuncións	27
2.4.6 Conxugación verbal	28
2.4.7 Estruturas sintácticas	28
2.5 Nivel semántico.....	30
2.6 Nivel discursivo.....	32
2.6.1 Signos de puntuación	32
2.6.2 Omisión de palabras necesarias	33
2.6.3 Orde	33
2.6.4 Referencias.....	34
2.6.5 Conectores	35

2.6.6 Rexistro	35
2.6.6 Enunciados e estruturas complexas ou inintelixibles	36
3. Táboas de códigos, valores e exemplos.....	37
ANEXO 1. A CORRECCIÓN DA PUNTUACIÓN	62
ANEXO 2. USOS INADECUADOS DO XERUNDIO.....	73
ANEXO 3. USOS INADECUADOS DA PREPOSICIÓN CON CD	74

1. Cuestións xerais

En CORTEGAL anotamos as formas que se desvían do estándar por tres vías. Por unha banda, asignando códigos que identifican o tipo de diverxencia do estándar; en segundo lugar, nalgúns casos, indicando a orixe da desviación e, en terceiro lugar, asignándolles ás formas desviantes a forma estándar correspondente. Para levar a cabo a anotación, establecemos seis niveis lingüísticos de estandarización.

1.1 Seis niveis lingüísticos de estandarización

En CORTEGAL clasificamos as diferentes formas e secuencias desviantes do estándar en seis niveis lingüísticos: ortográfico, morfolóxico, léxico, gramatical (sintáctico), semántico e discursivo. Aquí presentamos os aspectos considerados baixo cada nivel de maneira esquemática. No apartado 2 recóllense os diferentes códigos empregados para etiquetar as formas desviantes, o seu valor, exemplos e observacións.

- 1) **Nivel ortográfico**
 - 1.1 Emprego de signos diacríticos (acentuación e diérese)
 - 1.2 Maiúsculas e minúsculas
 - 1.3 Escritura conxunta ou separada das palabras
 - 1.4 Separación inadecuada en final de liña
 - 1.5 Confusión, adición ou omisión de letras ou dígrafos
 - 1.6 Escritura de estranxeirismos, abreviaturas ou siglas
 - 1.7 Representacións de contraccións e asimilacións
- 2) **Nivel morfolóxico** (aspectos vinculados coa flexión)
 - 2.1 Xénero
 - 2.2 Número
 - 2.3 Conxugación verbal
 - 2.4 Morfemas avaliativos
- 3) **Nivel léxico** (uso dunha forma ou expresión léxica que non pertence ao galego estándar)
 - 3.1 Emprego dunha unidade léxica con diferenzas de xénero con respecto ao galego estándar (*a leite*)
 - 3.2 Emprego dunha unidade léxica con diferenzas na acentuación de intensidade con respecto ao galego estándar (*élite*)
 - 3.3 Outras formas léxicas en que as diferenzas co estándar van máis alá do xénero ou da acentuación (*receta, abandoar, todavía...*)
- 4) **Nivel gramatical** (aspectos relativos á construción de frases e oracións)
 - 4.1 Concordancia
 - 4.2 Omisión e adición de preposicións
 - 4.3 Emprego de determinantes, pronomes e conxuncións
 - 4.4 Selección de tempo, modo ou voz verbal
 - 4.5 Esquemas verbais
 - 4.6 Escolla de clase de palabra

- 4.7 Estruturas sintácticas en xeral
- 5) **Nivel semántico**
 - 5.1 Usos ou significados dunha palabra non estándares ou non adecuados ao contexto ou ao sentido que se quere transmitir
 - 5.2 Omisión de voces necesarias para o sentido do texto
 - 5.3 Adición de voces innecesarias
- 6) **Nivel discursivo**
 - 2.1 Puntuación
 - 2.2 División do texto en parágrafos
 - 2.3 Emprego de conectores e de partículas referenciais
 - 2.4 Elipses
 - 2.5 Orde inapropiada
 - 2.6 Rexistro das palabras
 - 2.7 Enunciados complexos
 - 2.8 Enunciados inintelixibles

1.2 Códigos que identifican o tipo de desviación do estándar

A cada diverxencia do estándar atribuiráselle un código que sirva para identificar o tipo de desviación (como se indicou enriba, os códigos, con exemplos, explicacións e observacións, figuran en 2). Este código ten a estrutura I_C_D, onde **I** identifica o ámbito (**ortográfico, morfolóxico, léxico, gramatical, semántico, discursivo**) ao que pertence o problema, **C** concreta o aspecto afectado dentro dese ámbito (por exemplo, acentuación (ac), feminino (fem), plural (pl) etc. e **D** describe a diferenza ou a relación existente entre a forma correcta e a forma escrita polo/a estudante, desde a perspectiva desta última, ou ben describe o carácter do problema. As etiquetas para **D** son as seguintes: **omisión** (om), **adición** (ad), **substitución** (su), **transposición** (tr), **separación** (spl = split), **unión** (un), **colocación incorrecta ou inadecuada** (wp = wrong placement), **excesiva complexidade** (com) e **inintelixibilidade** (unin = unintelligibility).

Así, por exemplo:

O_ac_om (= Orthographic_accent_omission) será a etiqueta que reciban as formas en que se produce unha omisión do acento, como en *facil* por *fácil*.

M_v_su (= Morphology_verb_substitution) será a etiqueta que reciban as formas en que se selecciona unha forma verbal non estándar desde o punto de vista da súa flexión, como en *sea* por *sexa*.

Tal e como se explica en 1.5, unha mesma desviación do estándar só poderá ser etiquetada cun código deste tipo, o que equivale a afirmar que cómpre atribuír unha única interpretación a cada diverxencia do estándar.

1.3 Códigos que identifican a orixe do problema

Nalgúns casos, ofrecerase tamén información sobre a causa ou orixe da desviación ou sobre os mecanismos que subxacen tras a forma proporcionada pola/polo estudante. Só se ofrecerán códigos deste tipo cando a orixe responda a algunha das causas que se indican na táboa 1. Os

códigos van precedidos da letra identificadora do nivel a que corresponde a desviación da que se está a ofrecer a orixe (O, M, L, G, S, D), seguida de guión baixo e algunha das formas indicadas na táboa 1 (de tal xeito que teremos códigos como L_anal, M_gal etc.).

Orixe	Valor	Exemplos
<i>anal</i>	Formas que responden a un proceso de analogía con outras palabras da mesma lingua	<i>puidendo</i> (sobre o tema do pretérito <i>puid-</i>), <i>nutrinte</i> (a partir de voces como <i>ferinte</i> ou <i>seguinte</i>)...
<i>for</i>	Palabras cuxa desviación se pode explicar pola súa orixe estranxeira e calcos de voces estranxeiras. Exclúense sempre as formas con orixe no español.	<i>graffitti</i> (por <i>graffiti</i>), <i>tablet</i> (por <i>tableta</i>)...
<i>gal</i>	Palabras, trazos ou usos transferidos desde unha variedade do galego non estándar.	<i>consegueu</i> (por <i>consequiu</i>), <i>atrais</i> (por <i>atrás</i>)...
<i>hc</i>	Hipercorreccións xeradas dentro do galego	<i>vaciña</i> (por <i>vacina</i>), colocación enclítica do pronome en vez de proclítica...
<i>mix</i>	Mesturas entre dúas palabras ou expresións	<i>índixesta</i> (<i>índixestión</i> + <i>inxesta</i>), <i>a saber Deus</i> (<i>a saber</i> + <i>sabe Deus</i>)...
<i>or</i>	Unicamente se emprega no ámbito gramatical para marcar os casos de pronomes enclíticos posibles na lingua oral, pero non recomendados na escrita formal	pero que finalmente <i>ofréchencho</i> mal cocinado
<i>sp</i>	Palabra, expresión, trazo ou uso transferidos desde o español.	<i>ahí</i> (por <i>aí</i>), <i>actitud</i> ...
<i>spadapt</i>	Palabra, expresión, trazo ou uso transferidos desde o español e con adaptación ao galego	<i>atraxo</i> , <i>semexante</i> ...

Táboa 1. Códigos empregados para explicar a orixe da forma diverxente

Fronte ao que sucede cos códigos comentados en 1.2, estamos ante un campo multivalor, que admite varias etiquetas explicativas simultaneamente para unha mesma desviación. Así, por exemplo, o demostrativo *eso* pode ter a súa orixe nunha transferencia desde o español ou nunha forma dialectal xerada no propio galego. Neste caso, incluíranse as dúas etiquetas, separadas por coma, sen espazo entre elas e seguindo a ordenación alfabética: así, por exemplo, *eso* anotaría-se con M_gal, M_sp.

Observación

Moitas transferencias do español, sobre todo no ámbito léxico, están presentes no galego popular: *silla*, *espalda*, *riñón* etc. Con independencia da súa presenza no galego oral, se estas voces aparecen en CORTEGAL serán etiquetadas como castelanismos, como transferencias desde o español. Só serán etiquetadas coa marca "gal" aquelas formas, usos etc. procedentes do galego popular ou dialectal que non resultan dunha transferencia do español: *tar* por *estar*, *iste* por *este* etc. No caso de dúbida, debe consultarse co equipo.

1.4 Asignación de formas estandarizadas. Un sistema multinivel

Cando encontremos nos textos algunha desviación do estándar do tipo dos sinalados en 1.2, debemos asignarlle o código que identifica o tipo de desviación; no seu caso, aquel que sinala a súa orixe e, agás que se indique o contrario nos comentarios específicos que figuran asociados a cada tipo de desviación ou que resulte moi difícil interpretar o que quería dicir a/o estudante, debemos asignar tamén unha forma ou secuencia normalizada correspondente á forma ou secuencia non estándar.

A forma ou secuencia normalizada debe asignarse no nivel ao que corresponde a desviación. Así, por exemplo, á palabra *recetas* (“Non hai máis que poñer a televisión ao mediodía para ver algún programa de recetas de cociña”), que é unha diverxencia léxica, debemos asignarlle como forma normalizada *receitas* no nivel léxico. Ademais, debemos atribuírlle o código correspondente ao tipo de desviación do estándar (L_w_su) e neste caso, tamén o código que identifica a orixe da forma non estándar (L_sp).

Token value (w-45): recetas		
pform	Transcription (Inner XML)	<input type="text" value="recetas"/>
form	Student final version	<input type="text"/>
ocform	Orthographic standard	<input type="text"/>
mcform	Morphological standard	<input type="text"/>
lcform	Lexical standard	<input type="text" value="receitas"/>
gcform	Grammatical standard	<input type="text"/>
scform	Semantic standard	<input type="text"/>
dcform	Discursive standard	<input type="text"/>
<hr/>		
lemma	Standard lemma	<input type="text"/>
olemma	Original lemma	<input type="text"/>
pos	POS tag (standard)	<input type="text" value="gramaticais"/>
opos	POS tag (original)	<input type="text" value="gramaticais"/>
problem	Type of deviation of the standard	<input type="text" value="L_w_su"/>
psource	Source of the non-standard form	<input type="text" value="L_sp"/>
dcorrection	Derived correction	<input type="text"/>
arg	Connector	<input type="text"/>

Figura 1. Anotación de *recetas*

A asignación de formas non estándares ten carácter multinivel, o que implica que a unha mesma forma poden atribuírselle distintas estandarizacións correspondentes a diferentes niveis lingüísticos. Así, por exemplo, a forma *amplios* en “os costes de produción son moi

amplios” é estandarizada no nivel léxico por *amplos* e no nivel semántico por *elevados*, posto que o emprego da palabra *amplos* / *amplios* non é apropiada ao contexto en que aparece. Por suposto, recibe ademais os códigos correspondentes que identifican as dúas desviacións (L_w_su e S_w_su respectivamente).

Token value (w-116): amplios		
pform	Transcription (Inner XML)	<input type="text" value="amplos"/>
form	Student final version	<input type="text"/>
ocform	Orthographic standard	<input type="text"/>
mcform	Morphological standard	<input type="text"/>
lcform	Lexical standard	<input type="text" value="amplos"/>
gcform	Grammatical standard	<input type="text"/>
scform	Semantic standard	<input type="text" value="elevados"/>
dcform	Discursive standard	<input type="text"/>
<hr/>		
lemma	Standard lemma	<input type="text"/>
olemma	Original lemma	<input type="text"/>
pos	POS tag (standard)	<input type="text" value="gramaticais"/>
opos	POS tag (original)	<input type="text" value="gramaticais"/>
problem	Type of deviation of the standard	<input type="text" value="L_w_su,S_w_su"/>
psource	Source of the non-standard form	<input type="text" value="L_sp"/>
dcorrection	Derived correction	<input type="text"/>
arg	Connector	<input type="text"/>

1.5 Principios xerais na anotación das formas non estándares

1. *Cómpre anotar só o que claramente é non estándar (no seu sentido amplo)*

Só se etiquetarán como aquelas formas ou usos (ou aquelas omisións) que sexan claramente incorrectos ou non estándares, ou que sexan claramente inadecuados desde o punto de vista discursivo. Deste xeito, nun caso coma este, no que o uso de coma antes da conxunción disxuntiva *ou* é opcional, non se sinalaría a existencia dunha omisión dun signo de puntuación:

- (1) Somos moitos os que nos queixamos dos elevados prezos que ten unha camiseta por ser de Adidas ou un cartón de leite por ter a marca Larsa

No caso de que a persoa encargada da anotación teña dúbidas sobre a necesidade de etiquetar ou non unha forma, uso ou secuencia, débese consultar cos membros do equipo.

De acordo co que se acaba de indicar, non se etiquetarán aquelas formas que son estándares, aínda que non recomendadas no ámbito léxico: *aportar* (co valor de *achegar*) ou *merluza* co valor de *pescada* non serán anotadas. A este respecto, tomarase como referencia o *Diccionario da Real Academia Galega* (en adiante DRAG).

2. *Non se debe forzar a interpretación dos problemas e cómpre escoller unha única interpretación para cada desviación do estándar*

Nun exemplo como este,

- (2) O consumismo e a produtividade é un dos temas máis tratados na actualidade, debido a relación de dependencia que se establece entre elas

poderíamos en principio pensar que a presenza de α en vez de $\acute{\alpha}$ -en "debido a relación de dependencia..." ten tres interpretacións posibles: como un problema de acentuación, como ausencia da preposición e como ausencia de artigo. Poderíamos daquela considerar a posibilidade de asignar tres códigos diferentes a α , pero debe terse en conta o seguinte:

- 1) A efectos dos cálculos de erro, unha mesma diverxencia estaría contando como tres (os cálculos fanse a partir do número de etiquetas).
- 2) Estamos tratando (cando menos na inmensa maioría dos casos) con estudantes que estudan galego e en galego desde primaria. O sentido común dinos que os estudantes que fan o exame de galego nas ABAU non van ter problemas á hora de usar esa estrutura, coincidente ademais co castelán (cambiando os complementos, ninguén diría *debido iso*, sen preposición, ou *debido a problema que che expliquei antes*, sen artigo), pero si teñen moitos problemas na acentuación. Particularmente, a ausencia de acento na contracción do artigo definido coa preposición é moi habitual.

En consecuencia, debemos marcar exclusivamente esta diverxencia do estándar como un caso de ausencia de acento.

O corolario é este:

- 1) Deben descartarse sempre aquelas interpretacións posibles pero estrañas ou forzadas. Usese o sentido común.
- 2) Para non falsear os datos de cálculo, deben evitarse as diferentes interpretacións dun mesmo problema e optar por unha delas. No caso de que sexa difícil tomar unha decisión, debe consultarse co equipo.
3. *A normalización debe atender ao que quería expresar a/o estudante, debe ser o máis sinxela posible e a máis próxima ao orixinal e debe atender a criterios de frecuencia*

1. En moitas ocasións poden existir diferentes formas de normalizar unha palabra / uso / secuencia non estándar. Por un lado, debemos procurar sempre que a forma correcta que se ofrece **responda ao que quería expresar a/o estudante**. Por suposto, isto non sempre será fácil, pero debemos usar como guía o sentido común e, claro está, o contexto en que se insire o texto. Continuando co exemplo anterior,

O consumismo e a produtividade é un dos temas máis tratados na actualidade, debido a relación de dependencia que se establece entre elas, e *como* algún cambio nunha pode repercutir na outra.

parece que, a partir do contexto (tendo en conta a subordinada anterior), podemos deducir que o valor de *como* (destacado por nós en cursiva), debe ser causal, de modo que pode ser normalizado con *dado que*.

2. Pero manténdonos dentro da idea do que quere expresar a/o estudante, pode haber diferentes posibilidades. Por exemplo, nun caso coma este:

pola contra noutros países que non teñen tantos recursos como por exemplo os países máis pobres de África, non producen nin consumen como os países europeos

poderíamos optar por dúas estandarizacións diferentes, que expresan a mesma idea (incluímos só modificacións que afectan ao que nos interesa ilustrar):

pola contra, noutros países que non teñen tantos recursos como por exemplo os países máis pobres de África, non producen nin consumen como os países europeos

pola contra noutros países que non teñen tantos recursos como, por exemplo, os países máis pobres de África, non **se produce** nin **se consume** como **nos** países europeos

Con todo, a primeira alternativa é **moito máis sinxela e está máis próxima ao texto da/do estudante**, de tal xeito que debemos optar por ela.

3. En terceiro lugar, expresando a mesma idea pretendida pola/o estudante e tendo o mesmo grao de sinxeleza e proximidade ao orixinal, pode haber diferentes opcións de estandarización. Por exemplo, o conector *sin embargo* pode normalizarse de diferentes maneiras: *así a todo, así e todo, con todo, emporiso, no entanto, porén, secasí*. Casos coma estes deben ser postos en coñecemento do equipo para decidir cal vai ser a forma empregada na súa normalización (todos os casos de *sin embargo* / *sen embargo* deberían normalizarse da mesma maneira). O criterio básico para a selección da forma é o da **frecuencia** (dando por suposto, claro está, a adecuación ao rexistro). Elaborarase unha táboa que recolla estes casos e a forma estándar acordada para asegurar a coherencia no proceso de normalización.

4. *Debe atenderse ao resto do texto á hora de levar a cabo a anotación e a corrección. Unha mesma foma pode ter dúas interpretacións en función do texto en que aparece.*

Nalgúns casos, o contexto (entendido como o texto no seu conxunto) pode servir para decidir a interpretación que lle debemos outorgar a un problema. Por exemplo, un(ha) estudante escribe *sana* en vez de *sa*: Tal forma pode entenderse como o feminino da transferencia léxica *sano* (L_w_su), ou ben como un feminino non estándar de *san* (seguindo o esquema de *langrán, langrana*) (M_gen_su). O feito de que ese/esa mesmo/a estudante escriba *sano* no texto determina que escollamos a primeira interpretación. Pola contra, se escribe *san*, debemos optar pola segunda. Isto implica que unha mesma forma podería ter dúas interpretacións diferentes en función dos textos en que aparezan.

5. *O etiquetario é (relativamente) aberto*

É posible que no proceso de anotación topemos cunha forma / uso / secuencia que nos parece claramente inadecuado, pero que non corresponde a ningún dos códigos preestablecidos. No caso de que isto suceda, non se debe forzar a asignación de códigos, pois é posible que sexa necesario crear unha etiqueta nova. Se se dá esta circunstancia, débese consultar cos membros do equipo a conveniencia de crear esta nova etiqueta. En calquera caso, debe terse en conta que os problemas anotables son exclusivamente aqueles que se sitúan nalgún dos seis niveis establecidos. Así, todo o que teña que ver con aspectos relacionados coa veracidade do afirmado no texto ou coa súa pertinencia non serán etiquetados, cando menos nesta fase de anotación do corpus. Así, por exemplo, nun texto coma este:

O consumismo e a produtividade é un dos temas máis tratados na actualidade, debido a relación de dependencia que se establece entre elas

non incluíamos ningunha anotación sobre o feito de que a relación de dependencia entre o consumismo e a produtividade dificilmente pode verse como causa de que sexa un tema amplamente tratado na actualidade.

6. *Os erros derivados dunha corrección corríxense pero non se anotan*

E posible que ao facer unha corrección nos atopemos con "erros" derivados desa corrección. Por exemplo, unha persoa escribe "o pobo de lago Aspas" e o corrector corrixe *pobo* por *vila*. Dado que *vila* é feminino, a secuencia "o vila" sería inadecuada. Aínda que corrixiremos ese problema de concordancia (escribindo *a* como corrección de *o* no mesmo nivel en que se corrixiu *pobo*, neste caso no nivel semántico), en ningún momento anotaremos a existencia dun erro de concordancia mediante un código identificador de problema, porque a/o estudante non cometeu ningún erro dese tipo e concordou axeitadamente. O mesmo vale, por exemplo, cando a incorporación ou supresión dun punto obriga a modificar para maiúscula ou para minúscula a letra inicial dunha palabra. **Así pois, os "erros" derivados dunha corrección feita polo equipo corrixíranse, pero non se anotarán.** As correccións derivadas irán convenientemente identificadas (mediante DC) nun campo propio denominado corrección derivada.

2. Códigos, exemplos e observacións

A seguir ofrecemos detalladamente os diferentes tipos de desviacións do estándar, cos seus códigos identificativos, exemplos e observacións. Ao final do apartado recóllese unha táboa esquemática.

2.1 Nivel ortográfico

2.1.1 Acentuación

1. Omisión de acento gráfico

Ortographic_accent_omission

O_ac_om

Exemplos: *facil*, *voltara* (por *voltará*)

Orixe:

As omisións de acento gráfico non se marcan no campo orixe, aínda que a ausencia de acento se puidese explicar pola influencia do castelán (por exemplo, a ausencia de acento en *xesuïta* non se marca con *sp*).

2. Adición de acento gráfico

Ortographic_accent_addition

O_ac_ad

Exemplo: *ademáis*, *cómodamente*, *él*, *sí*

Orixe:

Deben etiquetarse coa etiqueta "sp"

1. As formas acabadas en –mente acentuadas (*cómodamente*)
2. As palabras que levan acento diacrítico en castelán (*él* ou *sí*).

No caso de detectar outros casos susceptibles de etiquetarse con "sp", debe consultarse co equipo.

3. Cambio de lugar do acento gráfico

Ortographic_accent_wrong placement

O_ac_wp

Exemplos: *maís*

1. Observación xeral sobre os problemas de acentuación:

Cando a adición, omisión ou cambio de lugar parecen corresponder a un cambio real na pronuncia, non se etiquetarán como problemas ortográficos de acentuación, senón, segundo o caso, como problemas de carácter léxico (L_ac_su) ou morfolóxico (M_ac_su). Isto sucede esencialmente cando a forma que ofrece a/o estudante porta a acentuación correspondente á pronuncia do español: *élites* (en vez de *elites*) será anotado como problema léxico; *cantábamos* ou *carecíamos* (en vez de *cantabamos* ou *careciamos*) como problema morfolóxico (en ambos os casos, coa etiqueta "sp" no campo Orixe; no segundo tamén coa etiqueta "gal"). Téñase en conta que a/o estudante acentúa axeitadamente de acordo coa pronuncia que realiza, de modo que non podemos considerar que exista un problema ortográfico, como si o hai en *facil* ou en *él*. Con todo, a pesar da diferente natureza duns e

outros casos, en todos eles empregamos `_ac_` para poder recuperar todas estas formas conxuntamente (de maneira directa ou indirecta, en todos eles hai un problema no lugar en que se sitúa o acento gráfico). Nótese en calquera caso que en `O_ac_om/ad/wp`, "ac" fai referencia á acentuación gráfica, mentres que en `L_ac_su` e en `M_ac_su`, "ac" faise referencia á pronuncia, ao lugar da sílaba tónica, que muda con respecto ao estándar.

2.1.2 Diérese

4. Omisión de diérese

Ortographic_dieresis_omission

`O_die_om`

Exemplos: *antiguidade por antigüidade*

5. Adición de diérese

Ortographic_dieresis_addition

`O_die_ad`

Exemplos: *güerra*

2.1.3 Maiúsculas

6. Omisión de maiúscula

Ortographic_upper case_omission

`O_uc_om`

Exemplos: *Master_chef (por MasterChef), michelín, nadal*

7. Adición de maiúscula

Ortographic_upper case_addition

`O_uc_ad`

Exemplos: *uso de maiúscula despois de dous puntos cando non corresponde*

2. Observación xeral sobre a anotación de maiúsculas / minúsculas:

Nalgúns casos será necesario modificar a puntuación, substituíndo, por exemplo, un punto por outro signo de puntuación ou ao revés, substituíndo unha coma por un punto ou engadindo un punto onde non o había. Isto ten repercusións no emprego de maiúsculas e minúsculas. Por exemplo, se en

cando apareceu "Anatomía de Grey" todos queríamos ser como Meredid, pero tamén queríamos ao seu marido, sen darnos conta que a vida non é coma as series é que esas cousas so saen ben con vocación, non podes convertirse nalgo ou nalguen polo que ves na tele,

propoñemos que debe figurar un punto en vez dunha coma despois de *vocación*, a palabra *non* debe comezar con maiúscula inicial. Evidentemente, estes casos non deben marcarse como erros, posto que a/o estudante empregou correctamente a minúscula de acordo coa súa redacción. **Estas formas corríranse na capa de estandarización ortográfica (onde escribiremos *Non*, con maiúscula inicial), pero non serán etiquetadas con códigos de erro,**

senón con DC no campo “Corrección derivada”. O mesmo vale para aqueles casos en que se elimina un punto, coa conseguente substitución de maiúscula por minúscula, que se reflectirá só na forma ortograficamente normalizada, pero nunca con código de erro. Vid. .1.5.

2.1.4 Escritura conxunta ou separada

8. Escritura separada en vez de conxunta ou con trazo

Ortographic_word boundary_split

O_wbSpl

Exemplos: *Master chef* (por *MasterChef*), *por que* (por *porque*)

Observación: rexístranse no corpus casos de "a o". Deben etiquetarse como ausencia de contracción (O_cont_om) e non como escritura separada.

9. Escritura conxunta en vez de separada ou con trazo

Ortographic_word boundary_union

O_wbUn

Exemplos: *sobretudo*, *acabo* (en *levar a cabo*), *demáis* (por *de máis*), *asimesmo*, *porque* (por *por que*), *senon* (por *se non*) / *saborealo prato* (por *saborea-lo prato*), *ambolosdous*

10. Grafía con trazo en vez de conxunta ou separada

Ortographic_hyphen_addition

O_hyAd

Exemplos: *lava-louza*, *colle-lo* (uso do guión co clítico).

11. Separación inadecuada en final de sílaba

Ortographic_hyphen_wrong placement

O_hyWp

Exemplos: *algun-ha*

Observacións:

1. Non se inclúen as divisións en que queda só unha letra ao final ou ao comezo da liña, unicamente divisións en que se rompe un dígrafo ou a sílaba.
2. Non se ofrece normalización ortográfica.

2.1.5 Confusión, adición, omisión de letras / dígrafos

12. Omisión de consoante que non altera ou pode non alterar a pronuncia ou que representa unha pronuncia non estándar pero posible da palabra

Ortographic_consonant_omission

O_consOm

Exemplos: *oxe*, *atitude*, *perfetos*, *respeto*, *trascendencia*, *inovación*, *lao*

13. Adición de consoante que non altera ou pode non alterar a pronuncia ou que representa unha pronuncia non estándar pero posible da palabra

Ortographic_consonant_addition

O_consAd

Exemplos: *ahí*. *construcción*, *transpaso*, *adsequible*

14. Substitución dunha consoante ou dun dígrafo por outra letra ou dígrafo que representa a mesma pronuncia ou unha pronuncia próxima

Ortographic_consonant_substitution

O_cons_su

Exemplos: *Sovera* (por *Sobera*), *aboa*, *inplantábanse*, *qe*, *chege*, *adsterse*, *opter*, *móvil*, *viase*

15. Omisión de vogal que non altera ou pode non alterar a pronuncia

Ortographic_vowel_omission

O_vow_om

Exemplos: *sobreplotación*

16. Adición de vogal que non altera ou pode non alterar a pronuncia

Ortographic_vowel_addition

O_vow_ad

Exemplos: *paraaugas*

17. Substitución dunha vogal por outra letra ou dígrafo que representa unha pronuncia non estándar pero posible da palabra ou en todo caso unha pronuncia próxima

Ortographic_vowel_substitution

O_vow_su

Exemplos: *difinitiva*, *saería*, *malloría*

Observación: Inclúese aquí un caso como *malloría*, posto que a pronuncia da semivogal como oclusiva palatal é un fenómeno frecuente en diferentes zonas de Galicia (Dubert 2013).

Orixe (códigos 12-17):

Deben etiquetarse coa etiqueta "sp" todas aquelas formas cuxa grafía pode explicarse por transferencia do español: *móvil*, *ahí*, *respeto*, *producción*, *tasa*...

Observacións xerais sobre os códigos 12-17

Observación 1

Inclúense aquí os casos en que a consoante ou vogal non estándar (ou a súa omisión) representa:

a) A mesma pronuncia ca a letra estándar (v por b, b por v, n por m, q por qu, adición ou supresión de <h> etc.).

b) Unha pronuncia non estándar pero posible da palabra (dialectal, popular...) (g por gu, s por z, s por x, x por s, s por ps, b por d ou d por b en posición implosiva, eliminación ou adición de implosivas en posición final, asimilacións e disimilacións vocálicas...).

Observación 2

Os extranxeirismos non levan esta marca, senón O_fw_su.

18. Omisión dunha ou varias vogais ou consoantes por outra(s) letra(s) de tal xeito que a forma resultante non representa a mesma pronuncia

Ortographic_letter(s)_omission

O_let_om

Exemplos: *cado* (por *cando*), *encargas* (por *encargadas*), *socias* (por *sociais*), *gastromía* (por *gastronomía*)

19. Adición dunha ou varias vogais ou consoantes que dá lugar a unha pronuncia diferente
 Ortographic_letter(s)_addition
 O_let_ad
 Exemplos: *canado* (por *cando*)
20. Substitución dunha ou varias vogais ou consoantes por outra(s) letra(s) que non representan a mesma pronuncia ou unha pronuncia posible da palabra
 Ortographic_letter(s)_substitution
 O_let_su
 Exemplos: *continuamento* por *continuamente*
21. Transposición dunha ou varias vogais ou consoantes
 Ortographic_letter_transposition
 O_let_tr
 Exemplos: *visvo*
 Observación:
 1. Inclúense casos en que se move unha letra de sitio e casos en que se intercambian dúas letras.
 2. Non se incluírán aquí os casos de transposición de s e x. Por exemplo, no caso de *paxaseiro* considérase que hai dous casos de O_cons_su (respectivamente, <x> por <s> e <s> por <x>).

5. Observación xeral sobre os códigos 18-21

Etiquétanse así aqueles casos en que se producen mudanzas sobre a forma orixinal non sistemáticas, que só se poden explicar como lapsus. Só se marcarán así as formas que se conciben claramente como lapsus. Por exemplo, *estreias* por *estrelas* ou *fugaxidade* por *fugacidade* marcaríanse como problemas léxicos. De igual xeito, se a mudanza se pode explicar por tranferencia doutra lingua (por exemplo, *novedades* en vez de *novidades*), non se etiquetarán neste nivel, senón no léxico. Se a mudanza supón a mesma pronuncia (ou dá lugar a unha forma que podería ser pronunciada como a palabra orixinal nun rexistro non estándar) a palabra debe etiquetarse con O_cons_om/ad/su ou O_vow_om/ad/su segundo o caso.

22. Selección dunha forma gráfica non estándar dunha forma estranxeira
 Ortographic_foreign_word_substitution
 O_fw_su
 Exemplos: *piza* (por *pizza*), *Meredid* (por *Meredith*), *click* por *clic*
 Orixe: Se a forma gráfica seleccionada se pode explicar por influencia do español, marcarase con *sp*.
23. Selección dunha abreviatura, sigla ou símbolo non estándar
 Ortographic_abbreviation_substitution
 O_ab_su
 Exemplos: *Sñra.* (por *Sra.*)
 Observación: Inclúense aquí os casos en que se usan puntos para separar as diferentes letras dunha sigla, por exemplo O.N.U. ou puntos ao final dun símbolo (km.) ou os casos de omisión de punto ao final dunha abreviatura que debería levalo (etc).

Orixe: Se a abreviatura seleccionada se pode explicar por influencia do español, marcarase con *sp*.

2.1.6 Contraccións e asimilacións

24. Omisión de contracción

Ortographic_contraction_omission

O_cont_om

Exemplos: *de este, a o*

Observación: No caso de que a forma do determinante que apareza no texto non sexa galega (por exemplo, *de una*) non se considerará que hai un problema de ausencia de contracción. Estes casos só se anotarán como problemas relativos ao determinante (M_gen_su).

Orixe: As omisións de contracción non se etiquetan como *sp*, aínda que se puidesen explicar a través da súa ausencia en español

25. Adición de contracción

Ortographic_contraction_addition

O_cont_ad

Exemplos: *dalgo*

26. Selección dunha contracción non estándar

Ortographic_contraction_substitution

O_cont_su

Exemplos: *ca* (por *coa*)

Observación: Só se etiquetarán aquí aquelas contraccións que representan ou poden representar a mesma pronuncia ca a forma estándar (como *ca* en vez de *coa*). Non se incluírían outros casos, como por exemplo *al* en vez de *ao*.

27. Omisión dunha asimilación que debe representarse graficamente no estándar

Ortographic_assimilation_omission

O_as_om

Exemplo: *por o, irémosnos*

Orixe: As omisións de asimilación non se etiquetan como *sp*, aínda que se puidesen explicar a través da súa ausencia en español

28. Adición dunha asimilación que non debe representarse graficamente no estándar

Ortographic_assimilation_addition

O_as_ad

Exemplo: *permítenos* (por *permítennos*)

2.2 Nivel morfolóxico

Etiquétanse neste nivel aquelas formas cuxa flexión non corresponde coa estándar. Neste nivel aténdese exclusivamente a cuestións formais e non a cuestións sintácticas ou nocionais. Así, por exemplo, o uso de *seguires* en “De *seguires* así a economía”, por moito que non sexa apropiada ao contexto, non se marcará aquí, posto que a forma *seguires* é estándar (etiquetarase como un problema gramatical de selección inapropiada da persoa).

2.2.1 Verbos

29. Selección dunha forma verbal non estándar por diferenzas na conxugación (raíz, vogal temática, morfema modo tempo, morfema número e persoa)

Morphology_verb_substitution

M_v_su

Exemplos: *poidesen, quera, veíase, supondrá, consienten, vendrá, sepa, crezca, atraiga, facen, tienes, estén, dé por dea, preferen, consumen, collíchedes, comimos (por comemos), viu (por veu)*

Observación:

1. No que se refire a diferenzas na raíz, só se inclúen aquí casos de verbos irregulares ou con algunha irregularidade (por exemplo, alternancias vocálicas) en que en determinada persoa ou tempo se selecciona un alomorfo da raíz que non é estándar, pero que non se aplica en todo o paradigma verbal. Cando a forma seleccionada para a raíz afectaría a todo o paradigma, considerámolo un problema léxico. Por exemplo, *salimos* (por *saímos*) ou *recorren* (por *percorren*), non se etiquetarían aquí, senón como problemas léxicos.

2. Nos verbos irregulares, incluímos tanto casos en que o infinitivo en galego e o infinitivo en español son iguais (*caiga*, de *caer*), como casos en que son diferentes (*supondrá*, inf. gal. *supoñer*, inf. cast. *suponer*; *mantenga*, inf. gal. *manter*, inf. cast. *mantener*). O lema orixinal destas formas será sempre o galego (*supoñer* e *manter*).

3. No que se refire a diferenzas na vogal temática, só se inclúen aquí aqueles casos de cambio na VT que afectan a formas concretas do paradigma (*viu* por *veu*). No caso de que o cambio de conxugación pareza afectar a todo o paradigma (por exemplo *convertir* por *converter*) o problema será considerado de carácter léxico.

30. Selección dunha forma verbal composta

Morphology_compound_verb_substitution

M_cv_su

Exemplos: *ha cambiado, a dado, haber traballado, ten aumentado*

31. Selección dunha forma verbal non estándar por diferenzas na acentuación

Morphology_accent_substitution

M_ac_su

Exemplos: *cantábamos, carecíamos*

Observación: Inclúese aquí é a acentuación proparoxítona do copretérito, antepretérito e pospretérito. Téñase en conta que estes casos non se anotan como problemas ortográficos de acentuación.

2.2.2 Substantivos, adxectivos, pronomes e determinantes

32. Selección dunha forma non estándar de masculino, feminino ou neutro

Morphology_genre_substitution

M_gen_su

Exemplos: *catalana, xuíz (por xuíza), ista, esto, iste, alemá (masculino), miño*

Observación:

1. Como pode observarse nos exemplos, inclúense aquí tanto os casos en que a variante estándar (*catalá*) se substitúe por outra variante (*catalana*), como aqueles en que unha forma variable se toma como invariable (*xuíz*) e aqueloutros en que unha invariable se fai variable (*membra*). Nótese que en casos como "a *xuíz*" entendemos que non hai un problema de concordancia, senón a consideración do substantivo como invariable. Inclúense problemas relativos a unidades léxicas e gramaticais (posesivos, demostrativos, artigos, pronomes persoais, relativos, interrogativos, exclamativos, numerais, cuantificadores e identificadores) sempre e cando o problema atinxa á variación de xénero do elemento.

2. O adxectivo *sana* pode verse como un erro morfolóxico de mala formación do feminino de *san* ou como un erro léxico, escolla de *sano* por *san*. Dado que no corpus hai máis casos de *san* que de *sano*, optaremos por consideralo un erro morfolóxico de mala formación do feminino (de maneira que o lema orixinal será *san*), a non ser que no texto haxa algún exemplo de *sano*. Nese caso considerarse un problema léxico e o lema orixinal será *sano*.

33. Selección dun plural non estándar

Morphology_number_substitution

M_num_su

Exemplos: *comensales, españoles, familiars, (os) xiz, lapises, algunhos, quenés*

Observación: Como pode observarse nos exemplos, inclúense aquí tanto os casos en que a variante estándar do plural (*comensais*) se substitúe por outra variante (*comensales*), como aqueles en que unha forma variable se toma como invariable (*xiz*) e aqueloutros en que unha invariable (*lapis*) se fai variable (*lapises*). Nótese que en casos como "os *xiz*" entendemos que non hai un problema de concordancia, senón a consideración do substantivo como invariable.

Inclúense aquí problemas relativos a unidades léxicas e gramaticais (posesivos, demostrativos, artigos, pronomes persoais, relativos, interrogativos, exclamativos, numerais, cuantificadores e identificadores) sempre e cando o problema atinxa á flexión de número do elemento.

34. Selección dun morfema avaliativo non estándar

Morphology_evaluative_substitution

M_eval_su

Exemplos: *fulanito, graniño*

Orixe

Boa parte das formas anotadas neste nivel deben levar unha anotación no campo Orixe, que pode ser *sp* (*canciones*), *spadapt* (*teñe*), *gal* (*iste, canciois*), *anal* (*miño*) ou a súa combinación (por exemplo, as formas *cantábamos, carecíamos, españoles* levarán tanto *sp* como *gal*, porque poden ter a súa explicación tanto nunha formación propia como nunha transferencia desde o español). As formas creadas por analoxía que tamén existen no galego popular (por exemplo, *unhos* ou *ista*) anotarase coa marca *gal* e coma marca *anal*. As formas presentes no galego popular pero de orixe castelá só se etiquetan con *sp*, non con *gal*.

2.3 Nivel léxico

Inclúense aquí aqueles en que se usa unha unidade léxica (monoverbal ou pluriverbal) que non pertence ao galego estándar. Entendemos unidade léxica como peza do dicionario, con independencia de que teña significado léxico ou gramatical. Cando a forma ou expresión existe no galego estándar, pero é utilizada cun significado ou uso que non é estándar ou non é apropiado ao contexto, entón a forma etiquetarase no nivel semántico. Cando a selección é inadecuada por unha flexión inaxeitada falaremos de problemas morfolóxicos.

35. Selección dunha unidade léxica non estándar, con diferenzas que van máis alá da acentuación, do xénero ou do número

Lexicon_word_substitution

L_w_su

Exemplos: *recetas, sinfín, hacia, sale, invertir, en torno a, si, sin embargo, aparte, xóvenes, xenerar, desarrollándose, plantexar, soer, calquer, estreias, parexa, páxaro, entreteñemento, chear, lonxano, sen embargo, cumpleaños, a pescadilla que se morde a cola, tá (por está), sobida, inconvincente, nutrinte, humán, medicina, influenza, notabremente, produtividade, en conseqüente a, ceda (“á ceda idade de 15-16 anos”), famosidade, fugaxidade, link.*

Observacións:

1. Aínda que poida ser discutible, porque é unha cuestión relativa á polémica distinción entre polisemia e homonimia, consideramos que en casos do tipo de *rato*², co valor de ‘momento’, importamos unha nova unidade léxica e non asignamos un novo valor ao *rato*¹ ‘mustélido’ galego (isto é, non usamos *rato*¹ cun novo valor), de modo que *rato*² sería considerado aquí, como un problema léxico. Véxase máis detalles sobre a cuestión no apartado sobre os problemas semánticos.

2. No caso dos estranxeirismos (deixando a un lado os castelanismos), só se anotarán aquí aqueles que non forman parte do léxico máis ou menos habitual dos galegos (por exemplo, un alumno que ten como L1 o francés e inclúe unha transferencia desta lingua) ou ben aqueles que se inclúen habendo unha recomendación explícita de usar unha forma galega (que pode resultar ou non dun calco do estranxeirismo): por exemplo, *link* será anotado porque existe unha forma estándar, *ligazón*, que se propón entre outros motivos para evitar o estranxeirismo. As formas en que se emprega unha ortografía inadecuada dunha forma estranxeira (*Meredid* por *Meredith*), incluídos aqueles en que as/os estudantes adaptan a ortografía ao galego (*piza* por *pizza*) ou contrariamente manteñen a ortografía orixinal (*football* por *fútbol*) anotaranse como O_fw_su.

36. Selección dunha unidade léxica non estándar por diferenzas na acentuación

Lexicon_accent_substitution

L_ac_su

Exemplos: *élites, páxaros*

Observación: estas formas non levan etiqueta no nivel ortográfico, porque o acento está ben colocado de acordo coa pronuncia que moi probablemente realizan as/os estudantes. En principio, etiquetamos así cando o problema é recorrente no corpus

e/ou cando o acento atribuído coincide co que ten a palabra ou o seu cognado en español. Outros casos dubidosos débense discutir.

37. **Selección dunha unidade léxica non estándar por diferenzas no xénero**

Lexicon_gender_substitution

L_gen_su

Exemplos: (a) *labor*, (nun primeiro) *análise*

Observación: estes casos non se etiquetan como problemas de concordancia, porque a/o estudante selecciona o xénero adecuado para os determinantes ou adxectivos de acordo co xénero que el(a) lle atribúe ao substantivo. En principio, etiquetamos así cando o problema é recorrente no corpus e/ou cando o xénero atribuído coincide co que ten a palabra ou o seu cognado en español. Outros casos dubidosos débense discutir. Á hora de levar a cabo a anotación, unicamente poremos o código identificador do problema no substantivo. Os determinantes e modificadores serán corrixidos cando corresponda, pero só se anotarán con DC.

6. Observación xeral

No caso de que nos encontremos cunha expresión fixa con estrutura galega pero que ten unidades léxicas non estándares no seu interior, non marcaremos a existencia dunha unidade, senón que optaremos por etiquetar individualmente cada elemento. Por exemplo, en *en cuanto a* non construiremos a unidade *en cuanto a*, senón que unicamente lle asignaremos etiqueta de problema a *cuanto*. Casos como *sin duda*, en que cada elemento é un castelanimo en por si (pero existe *sen dúbida*), tamén serán marcados individualmente, non como unha unidade. *Sin* levará unha marca L_w_su e *duda* levará outra do mesmo tipo. Por contra, se a estrutura non é galega, senón que procede doutra lingua ou está inventada, entón identificaremos o todo como unha unidade, e etiquetaremos o problema para esa unidade, e despois, se cómpre, anotaremos erros propios dos elementos tomados illadamente. A *pescadilla que se morde a cola* cualificarase globalmente como L_w_su, pero á súa vez marcarase a presenza dese clítico *se* como G_pron_ad e a presenza de *pescadilla* como L_w_su. No caso de que a estrutura non sexa estándar, pero poida vincularse cunha expresión galega, tentará etiquetarse a partir da súa confrontación con esta. Por exemplo, *como conseguinte*, en vez de *por conseguinte*, considerarase un problema de adición dun novo uso a *como* (S_w_su) e non como un problema de L_w_su.

Orixe

Boa parte das formas etiquetadas neste nivel deben levar unha anotación no campo Orixe:

sp: Transferencias léxicas directas do español (*recetas, sinfín, hacia, sale, invertir, en torno a, si, sin embargo*). Inclúense tamén aquí aquelas formas flexionadas que teñen a flexión propia do galego, pero a raíz e, no seu caso, os afixos derivativos do español. Por exemplo, etiquetarse aquí *sale*, pero tamén *saliu, salindo* etc; anotaranse aquí tanto *riñón* como *riñóns* etc.

spadapt: Transferencias léxicas do español con adaptación ao galego, con tradución dos compoñentes (calcos estruturais) ou con calquera mestura de galego e castelán (*xóvenes, xenerar, desarrollándose, plantexar, soer, calquer, estreias, parexa, páxaro, entreteñemento, chear, lonxano, sen embargo, cumpleaños, a pescadilla que se morde a cola*).

anal: formas que se crean por analoxía con outras voces galegas, como *consomer*, no canto de *consumir* (probablemente a partir das formas estándares do presente de indicativo *consume, consomes e consomen*) ou *lalinés* en vez de *lalinense* (sobre *vigués, cangués...*).

hc: palabras, como *almacear*, tradicionalmente denominadas hipergaleguismos ou hiperenxebrismos, en que se sobrexeneraliza un padrón de equivalencias galego-castelán, pero nos que a forma ou secuencia adaptada (por exemplo, *almacenar*) é estándar e coincidente en galego e castelán.

for: Formas estranxeiras que deberían evitarse de acordo coa proposta normativa. Vid. o exposto na segunda observación de L_w_su.

gal: Transferencias léxicas do galego popular ou do galego elaborado (pero non estándar): *tá* (por *está*), *nembargantes...*

mix: formas que proceden da mestura e confusión entre dúas formas ou expresións: por exemplo, *a saber Deus*, probable mestura de *a saber* e *sabe Deus* ou *adedicar*, que resulta moi posiblemente do cruzamento entre os sinónimos galegos *adicar* e *dedicar*.

2.4 Nivel gramatical (sintáctico)

2.4.1 Xénero, número e persoa

38. Selección inadecuada do xénero

Grammar_gender_substitution

G_gen_su

Exemplos: *Pode ser que esta aparición sexa debido, nun das bases da economía // calquer cousa que sexa extrema penso que non é bo, dous das moitas técnicas*

Observación: Anótanse aquí problemas de concordancia. Non se anotan aqueles casos en que temos sospeitas fundadas de que a/o estudante escolle inadecuadamente o xénero do substantivo (por exemplo, "nun primeiro análise", onde *análise* presenta o xénero da palabra *análisis* en castelán), pois estes casos marcaranse como problemas léxicos (L_gen_su).

39. Selección inadecuada do número

Grammar_number_substitution

G_num_su

Exemplos: *Os medios de comunicación, especialmente a televisión, mostraba // De tamaño mínimos // A gastronomía e a cociña foi acadando // o cal, pese a seren algo superfluo, adquire relevancia // Se hai moita demanda dun produto está claro que os prezos do mesmo subirán e moitos non poderán mercalos // o máis baratos posibles // por partes dos produtores // non lle dei o libro aos rapaces*

Observación:

Inclúense aquí sobre todo problemas de ausencia de concordancia, pero tamén de adición inadecuada de concordancia (*o máis baratos posibles, por partes dos produtores*). Ademais, podería haber aquí outros casos en que se selecciona un número inadecuado con independencia de cuestións de concordancia, por exemplo o uso dun incontable como contable nun contexto en que tal conversión non é apropiada.

Orixe

O uso de lle por lles márcase con G_gal

40. Selección inadecuada da persoa

Grammar_person_substitution

G_per_su

Exemplos: *de seguíres así a economía // non somos ninguén se non tes un “iphone” na man e vistes unhas “adidas” // Debemos empregar a nosa capacidade de decidir que vale a pena e que non para non deixarse levar*

2.4.2 Preposicións

Anótanse aquí os casos de omisión de preposicións necesarias e a adición de preposicións innecesarias. Os casos de substitución dunha preposición por outra, con independencia de que sexa ou non unha preposición rexida, consideraranse problemas semánticos e non se anotarán aquí (*interese de visitar // se ese produto vai ter éxito polos consumidores // co simple feito en que a xente cando sae de traballar etc.*).

41. Omisión de preposición

Grammar_preposition_omission

G_prep_om

Exemplos: *sen darse conta que // actualmente se pensa máis na saúde ca o aspecto exterior // estou seguro que // cara obxectos innecesarios // cara o // Somos unha sociedade moi consumista, que lle gusta comprarse roupa // con novos produtos, que anos atrás ninguén pensaría*

Observacións:

1. Inclúense aquí os casos de queísmo, omisións de preposicións no segundo termo dunha comparación, omisións de preposición en locucións preposicionais, en estruturas con relativo..., pero non casos en que se cambia o esquema sintáctico dun verbo, substituindo un complemento preposicional por un obxecto directo ou indirecto, ou ben cambiando un complemento nominal por un obxecto indirecto (por exemplo, *temos que acostumbrarnos está situación, auméntalle o prestixio, sen saber que nos pode acabar repercutindo*; estes casos marcaranse como G_vstr_su). Tampouco se marcan aquí casos en que parece haber unha reformulación do que a/o estudante quería dicir, de modo que se requiriría unha preposición para ter unha

estrutura sintacticamente adecuada: *O seu mundo, a cociña, é moi complicado tanto entrar como destacar* (estes marcaranse como G_str-ref-top_su).

75.	Referencia inadecuada	D_ref_ad-su	Discourse_reference_addition-substitution	<i>Os pais e nais que non estén tan familiarizados coas tecnoloxías tamén poden ver a mesma información en revistas. Nos colexios tamén se preocupan polo tema, indicando ás veces a merenda que os seus fillos deben levar //Tamén é certo que esto ten unha serie de desventaxas, xa que dentro de este está o que cada persoa poida permitirse gañar en cada momento // Certo é que non todo o mundo cociña pero a cociña non é, aínda que tamén pode selo en menor medida, algo lúdico senon unha necesidade, e que esta</i>	Obs.

				<p><i>sexa unha necesidade fai que a xente, quera ou non, entre en contacto con ela // a gastronomía experimentou grandes cambios e esta viuse axudada pola difusión nos medios de comunicación e nas redes sociais // Nestes tempos, a popularidade da cociña e a gastronomía acadou un gran nivel. Posiblemente, as súas causas veñan producidas (por as causas disto sexan)</i></p>	
--	--	--	--	--	--

Conectores

	<i>Tipo de diverxencia</i>	<i>Etiqueta</i>	<i>Desenvolvemento da etiqueta</i>	<i>Exemplo</i>
76.	Adición dun conector innecesario	D_con_ad	Discourse_register_addition-substitution	<i>Polo contrario, tampouco é correcto pensar que o consumismo define por completo o noso modo de vida. (tampouco non se vincula con nada previo)</i>
77.	Omisión dun conector necesario	D_con_om	Discourse_connector_omission	<i>Actualmente, os fillos adolescentes cada vez son influenciados máis rápido por</i>

				<p><i>personalidades coñecidas nas redes sociais, polo que moitas veces imitan os seus comportamentos pensando que así son máis adutos, e o que de verdade provocan son aos pais e isto fai que discutan.</i></p> <p><i>Moitas veces os adolescentes non sabemos o que queremos e andamos mareando aos nosos pais ata que se enfadan. (Falta un conector antes de "Moitas veces").</i></p>
78.	Selección dun conector intraoracional en vez dun conector textual	D_con_su	Discourse_connector_substitution	<p><i>De ser así a segunda opción, non creo que interesarse por algo só porque está de moda sexa demasiado correcto, dado que moitas persoas se adican a elo profesionalmente e quizais non lles guste que a súa profesión sexa coñecida solo pasaxeiramente.</i></p>

				<i>Aínda que non creo que sexa algo que puidese durar moito, porque a maioría da xente non pensa nas elaboracións só se interesa polo que hai no prato e se se pode comer</i>
--	--	--	--	---

Rexistro

	<i>Tipo de diverxencia</i>	<i>Etiqueta</i>	<i>Desenvolvemento da etiqueta</i>	<i>Exemplo</i>
79.	Adición dunha palabra ou expresión non adecuada ao rexistro	D_reg_ad	Discourse_register_addition	<i>a gastronomía esa da estrela michelin</i>
80.	Omisión dunha palabra ou expresión non adecuada ao rexistro	D_reg_om	Discourse_register_omission	<i>mínimo por como mínimo</i>
81.	Selección dunha palabra ou expresión non adecuada ao rexistro	D_reg_su	Discourse_register_substitution	<i>tele por televisión</i>

Enunciados e estruturas complexas ou inintelixibles

	<i>Tipo de diverxencia</i>	<i>Etiqueta</i>	<i>Desenvolvemento da etiqueta</i>	<i>Exemplo</i>	<i>Observación</i>
82.	Enunciado demasiado longo (sen puntos ou puntos e á parte) ou demasiado complexo, con incisos que dificultan a interpretación	D_ut_com	Discourse_utterance_complexity	<i>Pero iso é agora, sempre que aparece unha serie nova a xente quere ser como os da serie, cando apareceu "Anatomía de Grey" todos queríamos ser como Meredith, pero tamén queríamos ao seu marido, sen darnos conta de que a vida non é coma as series e que esas cousas só saen ben con vocación, non podes converterte en algo ou en alguén polo que ves na televisión.// Tamén pode ser un factor de moda, xa que como dixer, este tipo de especialidade pode abarcar infinidade de ámbitos, polo que un deles pode poñerse de moda, e que negocios comecen a preparar ese tipo (e se ti te especializas nel, cabe a posibilidade de que chegues a traballar alí), e así sucesivamente ata que chegue unha moda nova.// Obviamente, Galiza é un país unha comunidade que se caracteriza pola súa variedade gastronómica o que fai atraer a moitos extranxeiros o que fixo que este sector económico medrase e poidese optar por máis persoas para os postos de traballo.</i>	Obs. STANDOFF
83.	Enunciado	D_ut_unint	Discourse_		STANDOFF

	inintelixible cuxa inintelixibilidade non se explica por algunha das razóns anteriores		utterance_unintelligibility		
--	--	--	-----------------------------	--	--

ANEXO 1. A CORRECCIÓN DA PUNTUACIÓN

Indícanse a seguir algúns usos inadecuados dos signos de puntuación, que deben corrixirse. Os contextos aquí presentados non esgotan a casuística de problemas de puntuación que deben corrixirse. A medida que se detecten novos problemas que sexan susceptibles de recorrencia, deben incorporarse como novos casos neste anexo.

1. PUNTO

Adición de coma inadecuada (D_pm_ad)

Corrixirase a puntuación

- Cando o punto aparece tras signos de interrogación (?) e admiración (!), tras puntos suspensivos (...) (nunca deben aparecer catro puntos), tras un punto abreviativo ou tras coma ou punto e coma.

Substitución doutro signo por punto (D_pm_su)

Corrixirase a puntuación

- Cando se utiliza para separar dúas cláusulas dunha mesma oración, sobre todo nas construcións de tipo adversativo ou concesivo e non nos pareza xustificable estilisticamente. Nestes casos corrixirase por coma ou punto e coma.

En conclusión na sociedade capitalista que vivimos, prodúcese un círculo vicioso no cal tratamos de conseguir unha produción o máis efectiva posible para o noso bolsillo. Aínda que perxudiquemos a outras persoas porque ese exceso de cartos permitiranos facer un maior consumo en prol do noso beneficio.

Isto débese en parte á paulatina evolución da propia sociedade. Xa que antigamente comíase o que se tiña, sen embargo agora hai donde escoller.

- Cando se separa unha aposición/inciso de tipo explicativo da FN ou oración á que se refira, a non ser que nos pareza xustificable estilisticamente. Nestes casos corrixirase por coma ou punto e coma.

Abordaremos agora a cuestión do consumismo. Un tema de gran importancia.

Colocación inadecuada dun signo de puntuación (D_pm_wp)

Corrixirase a puntuación

- Cando o punto aparece antes das raías, parénteses, corchetes ou comiñas de peche.

Trátase dunha cuestión moi "fashion."

A forma normalizada será -- e no lugar correspondente (no exemplo, despois da comiña) engadirase o signo que corresponda (neste caso punto).

Punto e á parte (D_np_om e D_np_ad)

Debe aparecer un parágrafo novo se hai un cambio de tema, ou un cambio de orientación na exposición. Corrixirase a organización dos parágrafos só cando hai un problema evidente.

Por exemplo, no seguinte caso, non parece adecuada a introdución dun novo parágrafo, posto que o segundo continúa directamente as ideas expostas no primeiro.

Na nosa vida imos estar consumindo dende que nacemos ata cando morremos, nembargantes, só producimos durante media vida nos mellores casos.

Dende o meu punto de vista, na actualidade os nenos sofren un proceso de formación moi longo, mentres que non producen nada durante eses anos.

Debe poñerse especial atención aos parágrafos constituídos por un único enunciado.

2. COMA

Adición de coma inadecuada (D_pm_ad)

Corríxese

- Cando se pon unha coma antes de puntos suspensivos.
- Cando se pon unha coma antes de etc.
- Cando se pon coma antes dunha paréntese ou raia (ou despois, co mesmo valor ca estas):

Así conseguimos ter un grupo de persoas que protesta contra unha cousa particular, (como pode ser o caso do leite), outro grupo por outra...

- Cando se pon coma entre os membros dunha reduplicación expresiva

Gústame o café, café.

- Cando se pon coma nunha oración de relativo que ten carácter especificativo, non explicativo:

Para comezar, hoxe en día son máis os adolescentes, que teñen unha actitude tirana cos seus país ou hainos que cren que todo lles saldra ben sen ter que facer nada

- Cando se pon coma entre o suxeito e o verbo

En conclusión, eu penso que tanto é culpa dos país como dos fillos, xa que, os país, deberían entender máis aos fillos e viceversa

- Cando se pon coma entre o verbo e os complementos (CDIR, CIND, SUPL/CREX, PVO, CAX).

Grazas a estos motivos, eu penso, que a cociña atópase en continuo crecemento

- Cando se pon coma entre o verbo e o atributo:

de toda a vida, tense habituado a unha conducta machista que é, que neste ámbito son mellores as mulleres

- Cando se pon coma despois dunha conxunción (a non ser, por suposto, que haxa un inciso ou similar):

En conclusión, a sociedade actual dedícase a consumir o dobre do que produce e, debemos facer algo para cambiar iso

Actualmente, temos asociada a boa alimentación á lonxetividade da vida, ben é certo que os estudos científicos demostran que o sector alimenticio é de extrema relevancia en canto a saúde e que, a mala realización das comidas ou o consumo de alimentos ou substancias cun exceso de produtos químicos podería dificultarnos o noso día a día tanto física como moralmente.

- Cando se pon coma antes dunha conxunción que non debe levala, como *para que* (a non ser que se trate dunha final de enunciación, vid. infra), como en *tanto como, que en tanto que, como en tan como* etc.

Sexamos coerentes e ofertemos de todo, para que o consumidor elixa, non llo impoñamos.

(Con todo, se a principal que antecede permite unha pausa na lectura, non se corrixe: "Como dixen anteriormente, os medios promocionan a gastronomía, e outras maneiras de facelo tamén son a creación de ciclos de Hostelería e Cociña, para que as persoas e sobre todo os rapaces máis novos se interesen polo mundo da gastronomía e se integren nel")

É grazas a este mundo tan centrado en producir e cubrir necesidades que somos quen de avanzar tanto tecnolóxicamente, como gastronómicamente

A produtividade é moi importante para as empresas máis solicitadas ou marcas coñecidas xa que o consumo delas é tan alto, que precisan dunha gran produtividade para satisfacer as necesidades dos compradores

- Noutros casos en que non se realiza ningunha pausa que xustifique a colocación de coma

É por iso, que a gastronomía acada máis e máis popularidade

Omisión de coma (D_pm_om)

Corrixirase a puntuación

- ADVERSATIVAS Cando non se pon coma entre a TESE e ANTÍTESE, se esta vai introducida polas conxuncións *pero, mais* e *(non só...)* *senón que, aínda que* (substituíble por *pero*) cando relacionan **dúas cláusulas/oracións**. Se introduce frases ou palabras, en principio non se considera obrigada: "pensando non só nos beneficios senón tamén nas persoas".

Este feito non so supoñe polémica como a explotación (un claro exemplo é o de Inditex) senón que ademáis provoca una perda de postos de traballo

- CONCESIVAS Cando non se pon coma entre entre a ANTÍTESE (introducida polas conxuncións *aínda que, mesmo que, por moito que, ben que...*) e a TESE. Con todo, se a antítese é moi breve, non é necesaria a coma e non se corrixirá: "Aínda que veña non dirá nada".

Aínda que todavía hai xente interesada nos pratos típicos de cada lugar é cada vez un pouco máis difícil atopar restaurantes onde os fagan.

No caso de que a TESE preceda a ANTÍTESE, non é preciso o emprego da coma (non se corruxará "Temos a necesidade de ter cousas aínda que estas non nos sexan de utilidade"), a non ser que a tese sexa moi longa, como no seguinte caso,

Cada vez é un pouco máis difícil atopar restaurantes onde fagan os pratos típicos de cada lugar aínda que todavía hai xente interesada neles.

ou que se interprete como un inciso, como en

a todo o mundo lle gusta quedar ben cos demais dicindo que provou unha nova comida exótica aínda que en realidade non lle gustase pero un acábase acostumando a todo

- CAUSAIS. Cando non hai coma separando a oración principal e a subordinada (encabezada por *pois, que, como, xa que, posto que, dado que por mor de que...*):

De seguirmos así, os gandeiros, agricultores e particulares desaparecerán posto que a competencia de grandes multinacionais ocupará o seu posto nas tendas

Xa que hai uns cantos anos a gastronomía, tanto en Galicia como en España, esta en pleno auge os gastronomos ten que ser cada vez máis exixentes.

No caso de *porque*, corríxese cando non se pon coma entre o EFECTO e a CAUSA, nesta orde, sempre en cando esteamos ante unha causal ou final da enunciación (= digo isto porque):

Penso que é unha moda porque este invento triunfou por ser moderno

No caso de tratarse dunha causal do enunciado non se corrixe a ausencia de coma (non se corrixe "O factor "consumo" e o factor "producción" están fortemente ligados porque a desaparición dun supón a do outro").

- FINAIS: Cando se trata dunha final de enunciación (= digo isto para) que non vai encabezada por coma

O comercio de Adrián pechou para que o saibas.

- CONDICIONAIS. Cando non se pon coma entre o CONDICIONANTE e o CONDICIONADO, nesta orde

Se comparamos o estilo de vida que se levaba anos atrás co que levamos actualmente podemos observar este contraste

- CONSECUTIVAS ILATIVAS. Cando non se pon coma entre o ANTECEDENTE e o CONSECUENTE (antes das conxuncións *así que, polo que, conque, de maneira / modo/xeito/forma que ou de aí que*).

eu opino que para a maioría comer é un praxe así que se o podes facer é ser o máis "guay" do teu grupo de amigos mellor

Tamén se corrixe a ausencia de coma antes dunha oración de xerundio con valor consecutivo:

pode chegar a esgotarse por completo o material que demandamos provocando así problemas irremediáveis na sociedade actual

- ELEMENTOS, COMPLEMENTOS OU MODIFICADORES EXTRAORACIONAIS, que exercen unha modificación externa a toda a oración. Corríxese se non se pon coma despois

destes elementos situados ao inicio dun enunciado ou se non se pon coma antes deles, se van ao final do enunciado.

- Topicalizacións e tematizadores: *No referido a isto...*
- Construcións absolutas: *Chegado a Santiago,*
- Adverbios do enunciado e da enunciación: *Xeralmente...; Francamente,...*
- Conectores/marcadores do discurso: *Primeiro,....; Logo,....; Finalmente,....; Ademais,; Con todo; Xa que logo,...*
- Vocativos: *Pepe,...*
- Interxeccións: *Aí, Ei,*
- Expresións fácticas: *Por favor,....; Fas o favor, ..., non si?,*

En relación co noso modo de vida actual o consumo é e a produción son importantes

Chegados a un punto na historia as persoas comezaron a cociñar os alimentos

Sinceramente non creo que sexa unha moda pasaxeira,

Finalmente esta popularidade tamen débese á televisión

Así pois hai que destacar o feito como ben se fai ver no texto, de que dende que empezaron a florecer as grandes marcas...

Menos avances técnicos e máis humanismo por favor.

Tamén se corrixen se figuran como incisos e non se encerran entre comas (debe aparecer coma antes e despois):

Non obstante, aínda que considero que é unha moda, hai que dicir que, con todo non quita que os cociñeiros, a xente que está detrás dos pratos sexa xente traballadora

Non marcamos a ausencia de coma con elementos temporais (incluídas formas como *xeralmente, normalmente, habitualmente*) **ou locativos** que introducen a oración se estes poden funcionar como CC na oración, integrándose nesta sen comas (non se corrixe "Hoxe en día a produción e o consumo está moi presente nas nosas vidas" = "a produción e o consumo está moi presente hoxe en día nas nosas vidas", "Actualmente a cociña e a gastronomía están a acadar unha inmensa popularidade= a cociña e a gastronomía están a acadar actualmente unha inmensa popularidade, "Normalmente nós tendemos a aforrar e mercar o máis barato" (= "nós tendemos normalmente a aforrar e mercar o máis barato") ou "En Galicia temos moi bos cociñeiros" = Temos moi bos cociñeiros en Galicia").

En principio, non se corrixe a ausencia de coma delimitando a tamén. Así, por exemplo, non se corraxirá "É importante tamén a involucración dos medios de comunicación nos nosos hábitos de consumo".

Tampouco se corrixe a ausencia da coma cando un conector vai precedido dunha conxunción subordinante ou coordinativa. Non se corrixe, por exemplo, "Se ademais lle sumamos a facilidade no acceso a recetas de cociña vía Internet, sen dúbida estamos ante, máis que unha simple moda, unha nova forma cultural" ou "O problema

ven cando para comprarnos obxectos prescindibles na nosa vida temos que descartar do imprescindible, como por exemplo a comida"

Por suposto, **non se corrixe a ausencia de coma cando algún dos elementos citados na listaxe anterior pode interpretarse como elemento focal** e admite a lectura coa entoación correspondente: "sen dúbida estamos ante, máis que unha simple moda, unha nova forma cultural".

- INCISOS. Trátase de elementos suplementarios que aportan precisións, ampliacións ou rectificacións. Corríxese a ausencia de coma cando este elementos non van encerrados entre comas (a non ser que vaian entre parénteses). No caso de que vaian ao principio corríxese se non van seguidos de coma e no caso de que vaian ao final corríxese se non van precedidos de coma.

Considéranse incisos as seguintes construcións (algunhas xa foron comentadas no apartado precedente):

- Aposicións explicativas:
 - nomes propios
 - frases nominais
- Incidentes explicativos:
 - Substantivos:
 - Adxectivos
 - Cl. de participio
- Cláusulas de relativo explicativas
- Construcións absolutas (de participio e xerundio)

A gastronomía está a seguir o mesmo camiño que por exemplo a tecnoloxía

En primeiro lugar, gastase diñeiro algo que pode influir a nivel financeiro ao teu capital provocando numerosas perdas

Por outro lado temos aos consumidores quen se o produto é bo, barato e se ademais aos ollos destes é bonito adquiran con maior frecuencia o produto

Cómpre estar atentos porque é un erro frecuente poñer só a coma ao final ou ao principio do inciso.

Por un lado, apareceron recentemente programas, que alcanzaron gran éxito nos que persoas "anónimas" ou famosos, sen estudos culinarios compiten por ser os mellores cocineiros

Non se corruxirá a ausencia de coma en estruturas con *como* que serven para introducir exemplos se cabe unha lectura especificativa (ou esta é a única posible):

Todas as persoas necesitamos mercar alimentos de primeira necesidade como os alimentos, unha vivenda, roupa...

Observación: no caso de que se poida optar por eliminar unha coma ou por engadir unha, como no exemplo anterior ("nos que persoas "anónimas" ou famosos sen estudos culinarios compiten por ser os mellores cocineiros" ou "nos que persoas

"anónimas" ou famosos, sen estudos culinarios, compiten por ser os mellores cocineiros"), se o estudante colocou unha das comas optaremos pola adición de coma no outro lado do inciso e non pola súa supresión.

- ELISIONS DE VERBO E OUTROS ENUNCIADOS SEN VERBO. Corríxese en enunciados bimembres sen verbo

Visto un vistos todos.

Non se corraxirá a ausencia do coma en enunciados con elisión do tipo de "Isto aumenta considerablemente os efectivos dos restaurantes e a dieta dos consumidores, tomando un día pizza, outro ensalada, outro carne...".

Colocación equivocada da coma (D_pm_wp)

Corríxese así

- Cando se pon coma despois de *pero, mais, pois, xa que...* e non antes:

Está claro que cando de comida se fala, todos queremos calidade pero, esa calidade ás veces está nos ovos das galiñas que alimentan os avós na casa da aldea

Pero tamén cabe citar que se debe facer un pequeno recorte á hora de excederse no consumo pois, a capacidade de dispor de todos e de cada un dos bens que se precisen da lugar a explotación de traballadores

- Cando se elixe mal o comezo dun inciso ou similar, sobre todo nos casos en que hai unha conxunción copulativa:

As empresas saben perfectamente como vender os seus productos, e polo tanto, "como "manipularnos"

3. PUNTO E COMA

É un signo intermedio entre o punto e a coma. Delimita unidades discursivas inferiores ó enunciado. Foncamente, representa unha inflexión descendente e sinala unha pausa de duración intermedia, menos longa cá do punto e máis cá da coma. Non se pon maiúscula tras o seu uso (a non ser que leve maiúscula por outras razóns). O seu uso é subxectivo, pois moitas veces pode equivaler a coma e outras a punto, signos cos que compite no uso, con desvantaxe.

En principio corríxrase cando non se use con algún destes valores ou nalgún destes contextos:

- Para separar os **elementos nunha enumeración** disposta como unha lista **en vertical** (en competencia co punto, ou nada)
- Para separar os elementos de **enumeracións complexas ou extensas**, cando dentro delas xa hai partes menores xa separadas por comas.
- Como enlace sintáctico, en **oracións xustapostas**: as oracións teñen independencia pero manteñen unha estreita relación semántica. Nestes casos compite co punto.
- Para separar os membros das **construcións adversativas e concesivas** e tamén das **consecutivas ilativas**, cando a TESE e o CONSECUENTE, respectivamente, presentan certa lonxitude e tamén comas interna. Nestes casos compite coa coma.
- **Antes de certos marcadores discursivos** que vinculan períodos de certa lonxitude (en competencia coa coma), sobre todo de **valor adversativo** (*non obstante, *sen*

embargo, porén) e **consecutivo ilativo** (*por tanto, xa que logo, daquela, con todo...*). Nestes casos compite co punto.

Así pois, corríxirase, con D_pm_su, por exemplo, en:

A crecente popularidade da gastronomía non ten unha causa máis principal que a que é tan antiga como o home; a fame (substitúese por coma).

Eu creo que todos os pais deberían ter a atitude que tivo o pai de Vanesa con ela; cos seus fillos (substitúese por coma).

Por exemplo; cando nos vamos de vacacións ca nosa familia, amigos... etc gastamos moito (substitúese por coma)

Dado que frecuentemente alterna con punto e punto e coma, sempre que sexa posible substituírse por algún destes signos (por exemplo, no primeiro caso podería poñerse dous puntos, pero optaremos pola coma por tratarse dun signo máis próximo ao seleccionado pola/o estudante).

4. PUNTOS SUSPENSIVOS

Sinalan unha interrupción/suspensión ou omisión no discurso. Cando cerran enunciado, a palabra seguinte vai con maiúscula inicial; se o enunciado segue, a palabra vai en minúscula. Poden ir seguidos doutros signos de puntuación (coma, punto e coma, dous puntos; nunca o punto) e nese caso serán estes signos os que imponen o uso ou non de maiúscula.

En principio corríxirase cando non se use con algún destes valores ou nalgún destes contextos:

- Para indicar **interrupción/suspensión do discurso** por razóns **expresivas**, de carácter subxectivo, funcionando como indicadores de modalidade (FUNCIÓN EXPRESIVA):
 - Para expresar temor, dúbida, vacilación
 - Para crear expectación
 - Para expresar reticencia
 - Para expresar ironía
 - Para expresar autocorrección
 - ...
- En **enumeracións abertas, incompletas**, cando menos de dous membros. Non se combina con *etcétera (etc.)*
- Para sinalar **omisións no discurso cun final que se dá por coñecido ou sobreentendido**: nun refrán, nunha cita (FUNCIÓN ELUSIVA), en expresións malsoantes (FUNCIÓN EUFEMÍSTICA). Poderían aparecer tamén **ó inicio** ou no **medio** do discurso se as partes que se omiten son esas. Neste caso aparecen entre corchetes [...] ou parénteses (...).

Algúns erros frecuentes son:

- Usar catro puntos (D_pm_ad no último punto) ou dous (D_pm_om).
- Combinalos co punto, o que dá lugar a catro puntos (D_pm_ad no último punto).

- Colocalos dentro ou fóra das interrogacións, cando deberían ir fóra ou dentro, respectivamente (dependendo de se atinxen ao enunciado en que aparecen entre estes signos ou non) (D_pm_wp).
- Facelos preceder de coma nas enumeracións (márcase a coma con D_pm_ad).
- Combinalos co *etcétera*, pois son equivalentes. Neste caso corríxese o segundo elemento que escribe o estudante.

Por exemplo; cando nos vamos de vacacións ca nosa familia, amigos... etc gastamos moito (marcamos D_w_ad en *etc.*)

4. DOUS PUNTOS

Delimitan -igual cá coma e o punto e coma- unidades sintácticas inferiores ó enunciado/cláusula/oración. A súa función é chamar a atención sobre o que segue, que mantén un grao de relación elevado co dito antes. Ten por tanto **dúas** funcións: **DELIMITATIVA** e outra de **RELACIONANTE ANUNCIATIVA**. Polo xeral, despois de dous puntos e seguido escríbese minúscula; nos casos de dous puntos e á parte escríbese maiúscula.

Corrixirase o uso de dous puntos cando non se usen con algún destes valores.

- Nas **enumeracións** explicativas:
 - Cando van anunciadas previamente.
 - Cando os elementos da enumeración aparecen antes ca expresión á que remiten. Os (:) serven para cerrar a enumeración e dar paso ó concepto que os engloba.
- Para presentar **exemplificacións**.
- En **citas textuais** (*discurso directo*) tras verbos de lingua/pensamento que introducen literalmente as palabras ditas (que iran introducidas por comiñas ou, no caso de diálogos, por unha raia en parágrafo á parte) ou unha paráfrase delas nos titulares xornalísticos.
- En **títulos ou epígrafes**, separando o concepto xeral do aspecto parcial de que se vai tratar (a paráfrase): *A dispoñibilidade léxica: concepto e aplicacións* (compite co punto).
- Para establecer unha **relación** de carácter **conclusivo/causal/explicativo/opositivo** entre dous **enunciados xustapostos** (previo e seguinte) (compite co punto e coma).
- Ás veces, **detrás de marcadores discursivos de carácter introdutorio/conclusivo/explicativo** como *a saber, é dicir, en conclusión, dito doutro modo, por exemplo...* (en competencia coa coma).

Algúns erros frecuentes son:

- Usar os dous puntos sen un elemento anunciador, separando o verbo do CDIR, ATRIB, CI ou CCIRC complemento (serían válidos se a enumeración é en forma de lista) ou mesmo unha preposición do seu complemento.

Esto ven dado por unha serie de cambios culturais que son: o cambio nas dietas do individuo, o sistema capitalista no que vivimos ou os medios de comunicación de masas

Podemos consumir isto varias veces ao día con: películas, partidos de fútbol, series...

Nestes casos, en principio corriximos coa supresión dos dous puntos (D_pm_ad) e non coa adición dun elemento anunciador.

- Usar os dous puntos repetidamente nun mesmo enunciado. Nese caso substituiranse por outros signos, sempre que sexa posible.
- Usar os dous puntos cunha cita textual en estilo indirecto (marcaranse con D_pm_ad).

5. SIGNOS DE INTERROGACIÓN E EXCLAMACIÓN

Un erro frecuente é a colocación dun punto despois do signo de interrogación e ou de exclamación. Neste caso corríxese no punto con D_pm_ad.

Despois do signo de interrogación ou de exclamación debe escribirse con inicial maiúscula, a non ser que tras eles vaia outro signo: coma, punto e coma, dous puntos, suspensivos...; nese caso, vai minúscula. No seu caso, corríxese a maiúscula con O_uc_om.

Non se corrixe a colocación dun signo de interrogación ou de exclamación de apertura.

6. PARÉNTESIS

Os signos parentéticos enmarcan incisos ou aclaracións intercaladas no enunciado/oración/cláusula, pero non integrados sintacticamente neles (se están integrados úsanse simplemente as comas). Teñen pouca vinculación sintáctica co enunciado principal.

Corrixirase o uso de parénteses cando non se usen con algún destes valores.

- Para **delimitar un inciso** nun enunciado que non está integrado sintacticamente nel, senón **incrustado**. O seu contido é accesorio, polo que se podería prescindir del. Entra en **competencia coa raia**.
 - Informacións/observacións suplementarias e aclaratorias
 - Remisións a outra parte do escrito
- Para precisar **datos concretos** sobre o enunciado anterior:
 - Enumeracións pormenorizadas.
 - Tradución ou aclaración dun termo.
 - Datas e lugares
 - Explicación de siglas
 - Resultados
- Para **duplicar as opcións** dun texto (en competencia coa barra): *o(a) autor(a)*. Entre as parénteses colócase o texto alternativo.
- Con números ou letras **nunha clasificación**, ben un só ben os dous: *a) ou (1)*. Tamén podería aparecer no seu lugar un punto de cerre: *1*.

Son erros frecuentes:

- Colocar un signo de puntuación que afecta a un período máis amplo dentro da paréntese. Casos do tipo de .) marcaranse como D_pm_wp.
- Iniciar a secuencia enmarcada entre parénteses con maiúscula (agás que antes vaia un punto ou signo de interrogación ou exclamación). Eses casos etiquétanse con O_uc_ad.

7. RAIA

Corrixíranse aqueles casos en que a raia non se use:

- **Para illar incisos:** entra en competencia coa **coma** e as **parénteses**. Os encerramentos entre raias implican un illamento maior sintáctica e semanticamente do que entre as comas, pero menor cós que se escriben entre parénteses.
 - Se o texto de inciso vai dentro doutro de paréntese, deben usarse as raias.
 - Para datos precisos úsanse as parénteses (datas, autores...)
- Para **enmarcar comentarios dun narrador** no medio dunha cita textual dos personaxes: «É mellor —dixo o pai— que marches». En cambio úsase a coma cando esta aclaración aparece en posición final, fora da cita: «É mellor isto», dixo o pai. Non se escribe raia de cerre se tras o comentario non segue falando o personaxe. Pero consérvanse as dúas raias (tamén de peche) se continua a intervención do persoanxe.
- Indicando **intervención nun diálogo**, como signo simple.
- Para sinalar os elementos dunha **enumeración** en lista.

Son erros frecuentes:

- Eliminar as raias de cerre do inciso cando van seguidas doutro signo de puntuación. Nese caso, marcáremos con D_pm_om.
- Poñer o punto, a coma, dous puntos ou punto e coma antes da raia de cerre. Nese caso, marcámos con D_pm_wp.

ANEXO 2. USOS INADECUADOS DO XERUNDIO

Deben corrixirse usos do xerundio coma estes

O xerundio indica simultaneidade (ou anterioridade inmediata) e modifica sobre todo a un verbo, e non a un substantivo. Por iso, é **incorrecto**:

- 1) O **xerundio de posterioridade**, cando indica unha acción claramente posterior á expresada polo verbo principal : **Entregaranse dúas copias quedando con unha a persoa interesada*. Débese **substituír por unha oración coordinada**: *Entregaranse dúas copias e quedará con unha a persoa interesada*.
- 2) O xerundio **con valor de adxectivo especificativo**, modificando o substantivo que acompaña; sobre todo refírese a cousas: **Atopáronlle unha bolsa contendo droga*. Pódese **substituír por unha oración de relativo especificativa**: *Atopáronlle unha bolsa que contiña droga*.
- 3) O **xerundio referido a persoas**, cando significa calidades ou estados, ou accións moi lentas: **Búscase cociñeiro sabendo repostería*. Pódese **substituír** igualmente por unha **oración de relativo especificativa**. *Búscase cociñeiro que saiba repostería*.
- 4) **Para evitar ambigüidades**, nos casos en que non coinciden o suxeito do verbo principal co do xerundio: *Atopámonos a persoas saíndo do hospital*. Quedaría máis claro unha **cláusula de relativo**: *Atopamos varias persoas que saían do hospital*.

En cambio, son correctos e non se corrixirán os seguintes usos:

- 1) Modal: *o sospeitoso escapou correndo*.
- 2) Temporal de simultaneidade: *estando na reunión, presentou a proposta*.
- 3) Temporal que indica unha acción anterior á acción principal: *entrando no banco, tentou retirar diñeiro*.
- 4) Continuidade: *a asociación está perdendo enerxía*.
- 5) Condicional: *presentando a solicitude de matrícula, xa quedas inscrita no curso*.
- 6) Causal: *coñecéndoo como o coñezo, non creo que minta*.
- 7) Concesivo: *chovendo ou tronando, Pedro sae ao café sen paraugas*.
- 8) Explicativo: *a comisión, valorando os recursos, paralizou o proceso selectivo*.

ANEXO 3. USOS INADECUADOS DA PREPOSICIÓN CON CD

I. CORRECCIÓNS POR AUSENCIA INDEBIDA DE PREPOSICIÓN (G_prep_om)

Corrixirase a ausencia de preposición co OD nos seguintes casos:

- 1) cando é un **pronome persoal tónico**. O uso obrigatorio da preposición é parello ao tamén preceptivo redobro de clítico que estes CD comportan:

*Eu *vin *elas* habería que marcar como indebida tanto a ausencia de *a* como a do clítico de acusat. *as*.

- 2) **cuns poucos pronomes non-persoais**, cando estes teñen un referente persoal e funcionan como núcleo da FN_CD. Concretamente:

- a) Co **pronome un (unha) impersoal**. Trátase dun *eu* encuberto elevado á categoría de representante universal. O CD pode ter redobro de clítico, pero non necesariamente.

O diñeiro é salvador porque [o] tira a un de apuros → *Porque tira *un de apuros*

OLLO: cando *un(ha)* funciona como indefinido ou como artigo NON debe levar prep. Ex.:

Atopei un que se parece a ti. Se buscas avogado coñezo unha moi boa.

[A eventual presenza de prep debe marcarse como indebida: **Atopei a un que... *Coñezo a unha moi boa*].

- b) Cos **cuantificadores universais todos/as e ambos/as** cando teñen referente humano e funcionan como núcleo do CD. Tamén neste caso é frecuente o redobro de clítico (pero non obrigatorio, de xeito que non se marcará como incorrecto):

Espertounos a todos; Alterounos a ambos.

- c) Co grupo cuantificador **“artigo + numeral cardinal” (os dous, os tres...)**, tamén cando teñen referente humano e función nuclear, pois o grupo compórtase contextualmente como un cuantificador universal. Porén, a diferenza do que acontece con *todos* e *ambos*, con “artigo + numeral” a obrigatorialidade da preposición límitase aos casos en que **hai redobro de clítico; sen el a marca prep. debería non aparecer**. Repárese:

*Aquel berro espertounos aos dous (*os dous)* cf. *Aquel berro espertou os dous*

OBS. Existen usos sen preposición que aparentemente poderían alegarse en contra da aducida obrigatorialidade da marca cando o CD é un cuantificador universal. Por ex.:

Atopeinos todos no cíber (Os rapaces atopeinos **todos** no cíber)

Suspendeunos ambos o profesor (Os rapaces suspendeunos **ambos** o profesor)

Suspendeunos os dous o profesor (Os rapaces suspendeunos **os dous** o profesor)

Agora ben, estes cuantificadores (=“**cuantificadores flutuantes**”) non son o CD da oración, que, como se ve na columna da dereita, é sempre *Os rapaces*; nin sequera forman parte desta FN, que cuantifican sen integrarse nela, como un elemento escindido. Por tanto, *todos*, *ambos*, *os dous* nin son nin forman parte do CD da oración (o CD éo, en elipse, *Os rapaces*) polo que non levan marca prep.

Tamén se corrixirá nos casos que se indican no seguinte apartado, destacados en amarelo.

II. USO DE PREPOSICIÓN CO CD. CASOS EN QUE A PRESENZA DE PREPOSICIÓN NON SE DEBE CORRIXIR

Observación: No caso de que haxa un dobre erro de presenza de clítico de dativo e presenza de preposición (por exemplo, “fíxolles vir ás rapazas”) corrixíranse os dous (“fixo vir as rapazas”), pero só se etiquetará o problema na preposición (G_prep_ad), non no dativo, cuxa corrección (por --) se marcará con DC.

Uso de prep. A con CD e xerarquía de animación [NB. sempre / normalmente / non debería]:

[PronPers] > [N prop] > [+parent] > [+hum] > [+anim] > [+discr] > [+contin]

Os nomes de parentesco son os únicos nomes comúns que tenden de seu (e de maneira selectiva) a levar preposición marcadora de CD. O **resto dos nomes comúns**, sexan referentes de entidades humanas ou, por suposto, cun grao de animación máis baixo, non levan, en principio, preposición, ao non se lles atribuír risco de confusión co SU prototípico.

**Viches á nena? / *Atopei a un rapaz / *Coñezo a ese avogado / *Avisa aos bombeiros / *Informou aos superiores
Viches a nena? / Atopei un rapaz / Coñezo ese avogado / Avisa os bombeiros / Informou os superiores*

A pesar diso, **estes nomes comúns** (sobre todo os que designan entes humanos, pero tamén eventualmente inanimados) **poden necesitar marca preposicional de CD en determinados contextos de uso en que, sen ela, serían interpretables como SU**. A quen fala cábelles determinar, daquela, a conveniencia de empregar ou non a marca, a través dunha avaliación *ad hoc* e de carácter relativo, no senso de que non se teñen en conta as características autónomas do CD senón a configuración da oración no seu conxunto (e especificamente da parella SU-CD), nun triplio nivel:

1. *Configuración pragmática*: avalíanse os efectos ambigüadores das alteracións na orde de constituíntes da oración.
2. *Configuración semántica*: avalíanse os efectos ambigüadores das alteracións nos padróns semánticos prototípicos do binomio SU-CD.
3. *Configuración sintáctica*: avalíanse os efectos ambigüadores propiciados polas características de determinadas estruturas sintácticas.

1. Usos determinados pola configuración pragmática da oración

a) En ocasións da **alteración da orde básica de constituíntes** resulta que **SU e CD aparecen xuntos** quer en **posición preverbal**, quer en posición **posverbal**. Cando os trazos semánticos e morfolóxicos (MPN) dos dous argumentos propician a interpretación ambigua, márcase con preposición o CD para desfacela. En determinadas ocasións o uso da preposición resulta imperativo, noutras non:

- [SOV] *A Santa Igrexa **ao Mariscal** condena* (Cabanillas).
[OSV] *Cal **ao paxaro** a serpe / cal **á pomba** o gavián / arrincouna do seu niño* (Rosalía)
[VOS] *Case envexan **aos casados** / os que están por merecer* (Curros).
[VSO] *Trouxo Inés **á nena** para que a viran* (Valladares) [CD con prep. non obrigat., pero posible]

Nestes casos, debemos marcar a ausencia de preposición como erro.

OLLO: Por máis que vaian xuntos en posición pre ou posverbal, de non haber confusión posible entre SU e CD, anotarase como indebido o uso da marca preposicional:

- *O cacique **á terra** asoballa*
Nunca vira el **a unha muller tan fermosa*
Na miña vida coñecín eu **a esa moza.*

b) Cando nunha oración transitiva se **omite un dos dous argumentos**, como ocorre nas impersoais, úsase a preposición co CD no caso de resultar ambigua, sen ela, a oración:

- Nada de particular tería que **aos humanos** os tratasen coma animais* (Conde).
*Dispuxo logo que chamaran **aos caseiros**, que abriran a capela e todo o demais* (Fole).
[Sen prep., cabería interpretar os humanos e os caseiros como SU]

Nestes casos, debemos marcar a ausencia de preposición como erro.

OLLO: Cando os trazos do constituínte explicitado son compatibles cunha soa das funcións, de xeito que só se poida interpretar ou como SU ou como CD, debe evitarse a prep. Ex.:

- Nada de particular tería que tratasen **os humanos** coma animais. ***aos humanos***
*Dispuxo logo que chamaran **o caseiro**. ***ao caseiro***
[A diferenza dos anteriores, estes exemplos teñen interpretación inequívoca sen prep.]

2. Usos determinados pola configuración semántica da oración

A **alteración dos padróns semánticos prototípicos da transitividade** atópase na base de certos usos de *a* con CD que, doutro xeito, rexeitarían a prep. Configuración semántica prototípica:

Suxeito [+hum] / Verbo [acción] / Obxecto [-anim]

Os casos de marca preposicional máis sistemática (dos imputables á configuración semántica da oración) corresponden a verbos que non designan accións, senón estados ou procesos, e dos que os seus argumentos amosan uns trazos semánticos atípicos. Isto con frecuencia dá lugar a unha reanálise pola que o CD con *a* pasa a interpretarse, máis ou menos solidamente, como CI. Concretamente:

- a) Verbos que expresan **procesos como *agradar, amolar, estrañar, impresionar, molestar, preocupar, sorprender, beneficiar, favorecer, prexudicar...***, adoitan presentar o esquema semántico contrario ao característico da transitividade: SU [-anim] e CD [+hum]. Isto está na base da forte tendencia que amosan estes CD a levaren prep. *a* máis alá da zona de marcación obrigada:

O ruído da música molesta aos veciños. Baixa o volume para non molestalos.

A túa actitude sorprende a todos os presentes. E non os sorprende calquera cousa.

O nova lei beneficia aos pequenos aforradores. Pero cómpre beneficialos aínda máis.

[Tamén posible *molesta os veciños, sorprende os presentes, beneficia os aforradores.*]

Nestes casos, non debemos marcar a ausencia de preposición como erro

O uso de preposición con estes CD, así como outras anomalías que os mesmos presentan provocan unha tendencia á reanálise destes CD como CI integrándose así no nutrido grupo de verbos de proceso mental que amosan un esquema CI-V-SU (do tipo *gustar, parecer*):

Aos veciños moléstalles o ruído da música.

A todos os presentes lles sorprende a túa actitude.

Aos pequenos aforradores benefícialles a nova lei.

O uso do clítico dativo nestes casos non se debe marcar como erro.

- b) Os **verbos de estado que expresan orde (*seguir, preceder, anteceder, suceder*)** presentan igualmente un esquema semántico atípico, en que o CD posúe idénticos trazos semánticos que o SU (xeralmente ambos son [-anim]), e asemade idénticos trazos morfolóxicos: *Unha cousa segue/precede a outra*. Dada a reversibilidade dos dous termos postos en relación de orde, resulta necesaria a marca preposicional para a interpretación inequívoca da prelación que se quere expresar, mesmo cando o Obxecto presente os graos máis baixos da xerarquía de animación (pois en calquera caso compárteos co SU):

A carencia vitamínica segue á defectuosa estrutura social e non á inversa (GSabell).

O outono precede ao inverno, e a primavera ao verán.

Nestes casos, debemos marcar a ausencia de preposición como erro

A partir dese uso preposicionado prodúcese certa tendencia á reanálise do CD como CI:

Ao inverno precédelle/o o outono, e ao outono séguelle/o o inverno.

O uso do clítico dativo nestes casos non se debe marcar como erro.

- c) Cando a alteración do padrón semántico ten un carácter puntual (é dicir, cando atinxe a verbos que posúen de seu un esquema semántico prototípico) o uso da preposición co CD debe limitarse aos casos en que a súa ausencia provoque risco de interpretacións non desexadas. Por ex.: fronte ao esquema canónico *Alguén soterra algo*, podemos atopar puntualmente exemplos do tipo *Algo soterra a alguén*, en que o CD [+hum] precisa a marca preposicional para evitar que se interprete como un SU posverbal. Agora ben, cómpre evitar a tendencia á marcación extensiva con *a* destes CD “excepcionalmente” [+hum]: a preposición debe limitarse a aqueles casos en que a súa ausencia provoque un risco certo de interpretación do CD como SU:

As pedras caídas polo barranco soterraron aos obreiros.

Aquela estraña conduta delatou ao fuxido.

Nestes casos, non debemos marcar a ausencia de preposición como erro, a non ser que a interpretación do CD como SU se imponha como a primeira lectura

*Cfr. Os produtores conseguiron os/*aos actores para a película.*

[O CD, a pesar de ser [+hum], contrariamente ao esquema padrón (*alguén consegue algo*) non debe levar prep., pois non hai risco de que se interprete como SU da oración]

3. Usos determinados pola configuración sintáctica da oración

- a) **Construcións comparativas.** Nas estruturas en que a comparación se fai entre CDs, o CD que introduce a comparación ten que levar frecuentemente preposición pois, sen ela, se interpretaría que a comparación se fai entre Suxeitos:

*O avaro acariñaba o ouro **como a unha amante** bonita e terrible (Otero).*

[cfr. *O avaro acariñaba o ouro **como unha amante** (=SU de acariñar)]*

Nestes casos, debemos marcar a ausencia de preposición como erro

OLLO: só se debe admitir a prep. cando as características semánticas do CD son compatibles coa súa interpretación como SU. Debe evitarse cando non exista risco de confusión:

*Admiro a intelixencia máis que a beleza *máis que á beleza*

(uso indebido de prep. dado que non é posible interpretar *A beleza* como SU de *admirar*).

- b) **Oracións relativas.** As peculiares características destas oracións dan lugar a unha particular casuística na avaliación da necesidade de marcar ou non con *a* o CD, guiadas sempre pola idea dun uso excepcional da marca, limitada aos casos en que a súa ausencia leva á interpretación indebida do CD como SU. Por exemplo:

*A rapaza que coñece **o neno** vs. A rapaza que coñece **ao neno***

No caso da ausencia de prep., tenderase a entender que *o neno* é SU e que *o que* (recuperando 'a rapaza') é o CD. Para que se entenda inequivocamente que *o neno* é CD deberá levar marca preposicional a pesar de que, tendo en conta a súa localización da xerarquía de animación (no chanzo [+hum]), non debería levala. Mesmo cos CD inferiores na escala pode resultar necesaria ou aceptable a marca:

*A realzade que supera **á ficción** [CD preposicionado co trazo [+contin], o máis baixo da escala]*

[Repárese que, fóra do contexto de or. relat., sería inaceptable a prep. *A realidade supera a/*á ficción*

Nestes casos, non debemos marcar a ausencia de preposición como erro

OLLO: non todos os CD das relativas introducidas por que levan preposición; máis alá do segmento de marca obrigatoria, a preposición úsase só en caso de necesidade para evitar interpretacións indesexadas, en virtude dunha avaliación *ad hoc* que ten en conta:

- (i) Os trazos semánticos que impón cada predicador sobre os dous argumentos en cuestión: úsase a preposición só cando os dous constituíntes son susceptibles de ocuparen ambas as posicións. Compárese:

Con *a* *A rapaza que coñece **ao neno**.*

*A realidade que supera **á ficción**.*

[sen prep. interpretárase que o neno coñece a rapaza e que a ficción supera a realidade]

Sen *a* *O lixo que enche a rúa.*

*A xeada que murchoa **a planta**.*

[resulta imposible interpretar que a rúa encha o lixo ou que a planta murche a xeada]

- (ii) Os trazos sintácticos de número e persoa dos dous argumentos concernidos: úsase a preposición só cando eses trazos coinciden, pois en caso contrario a identificación de SU vs. CD resólvese mediante a flexión verbal, sen necesidade de preposición:

*A rapaza que coñece **ao neno**(CD) **As rapazas que coñecen aos nenos**(CD)*

***As rapazas que coñecen o neno**(CD) **As rapazas que coñece o neno**(SU)*

***A rapaza que coñece os nenos**(CD) **A rapaza que coñecen os nenos**(SU)*

4. As construcións causativas

- a) Corríxese a presenza de preposición (G_prep_ad) (ou de clítico de dativo, G_pron_su) no seguinte caso:

Cun **predicador inacusativo ou intransitivo**,

*mandoulles /deixoulles (aos alumnos) entrar; mandoulles / deixoulles (aos alumnos) entrar (v. INAC.)

*mandoulles (aos alumnos) sentar; deixoulles (aos alumnos) traballar (v. INTR.)

- b) Corríxese a ausencia de preposición(G_prep_om) ou a presenza de clítico de acusativo (G_pron_su) no seguinte caso:

Cun **predicador transitivo**:

*A profesora fíxo os alumnos cantar unha panxoliña / *fixoos cantar unha panxoliña)

*Deixeina escoitar a gravación dúas veces antes de responder / *deixei a muller escoitar a gravación)

*O pai mandounas comer a sopa / *O pai mandou as nenas comer a sopa.

